

## CAPÍTULO PRIMEIRO.

Eu viña de rematar, aos vintedous anos, os meus estudos na universidade de Göttingen. A intención do meu pai, ministro do eleitor de \*\*\*, era que percorrese os países máis interesantes de Europa. A seguida, queríame chamar cabo del, facerme entrar no departamento cuxa dirección lle confiaron e prepararme para sustituílo no seu día. Eu obtivera, mediante un traballo ben pertinaz no medio dunha vida moi disipada, éxitos que me distinguiran dos meus compañeiros de estudo, e que fixeran concebir ao meu pai esperanzas probábelmente moi esaxeradas.

Esas esperanzas volvéranos moi indulxente con moitas faltas que eu cometera. Nunca me fixera sufrir as súas consecuencias. Sempre concedera, ou ás veces consintira, as miñas peticións a ese respecto, e ás veces anticipárase a elas.

Infortunadamente a súa conducta era máis ben nobre e xenerosa que tenra. Eu estaba convencido do respecto e da gratitude que lle debía. Mais endexamáis existira ningunha confianza entre nós. El tiña na maneira de ser un non sei qué de irónico que ía mal conmigo. Daquela eu non pretendía máis ca entregarme a esas impresións primitivas e ardentes que botan a alma fóra da esfera común e lle inspiran a arrogancia. Eu achaba no meu pai, non un censor, senon un observador frío e cáustico, que de primeiras sorría con lástima, e que axiña remataba a conversa con impaciencia. Non lembro ter mantido nunca unha entrevista dunha hora con el, durante os meus primeiros dezoito anos. As súas cartas eran afectuosas, cheas de consellos, asisadas e sensíbeis, mais desde que estabamos en presenza un do outro había nel un algo forzado que eu non me podía espricar, e que reaxía sobre min dun xeito penoso. Daquela eu non sabía o que era a timidez, ese sufrimento interior que nos persigue deica a idade máis avanzada, que comprime no

noso corazón as impresións máis fondas, que xea as nosas palabras, que desfigura na nosa boca todo o que tentamos dicir, e non nos permite expresarnos máis que con vaguedades ou cunha ironía máis ou menos amarga, como se quixésemos vingarnos nos nosos sentimentos mesmos da dór que sufrimos por non podermos dálos a coñecer. Eu non sabía que, mesmo co seu fillo, meu pai era tímido, e que a miúdo, despois de ter agardado delongadamente por algunha mostra miña de afecto que a súa aparente frialdade semellaba vedarme, separabase de min cos ollos cheos de bágoas e laiábase a outros de que eu non o quería.

A miña incomodidade con el tivo unha grande influencia no meu carácter. Tan tímido coma el, só que máis inquedo, porque era máis novo, afíxenme a choer en min mesmo todo o que sentía, a non facer plans que non fosen solitarios, a non contar máis ca conmigo mesmo para a súa execución, a considerar as opinións, o interese, a axuda e até a simples presenza dos outros como unha molestia e como un atranco. Contraín o costume de non falar nunca do que facía, de non me someter á conversa máis que como a unha necesidade molesta, e entón animala cunha perpétua brincadeira que a volvía menos cansativa, e que me axudaba a agochar os meus verdadeiros pensamentos. De aí unha certa ausencia de confianza que aínda hoxe me reprochan os meus amigos, e unha dificultade para parolar a sério que sempre me costa superar. Resultado diso foi, ao mesmo tempo, un ardente desexo de independencia, unha grande impaciencia polas ligazóns das que estaba arrodeado, e unha invencíbel pavura de contraer outras novas. Como mellor me atopaba era só, e mesmo arestora é tal o efecto desa disposición de ánimo que, nas circunstancias menos importantes, cando debo escoller entre dúas opcións, a figura humana pertúrbame, e o meu impulso natural é fuxir dela para deliberar en paz. Porén, o meu egoísmo non era tan fondo como semellante carácter parece anunciar: malia non interesarme

màis ca por min, só me interesaba feblemente. Levaba no fondo do corazón unha necesidade de sensibilidade da que non me decataba, mais que, non conseguindo en absoluto satisfacérese, afastábame sucesivamente de calisquer lances que atraían a miña curiosidade. Esa indiferencia a respeito de todo aínda se enfortecera pola idea da morte -idea que me impresionara de moi novo, e da que nunca comprendin que os homes se esquecesen tan doadamente. Aos dezaseis anos eu vira morrer unha muller moi maior, cuxo carácter, dun feitío saliente e insólito, comezara a desenvolver o meu. Esa muller, como tantas outras, ao comenzo da súa andaina vital, lanzárase ao gran mundo, que ela descoñecía, co sentimento dunha grande forza de espírito e facultades verdadeiramente potentes. Como tantas outras tamén, por non se ter sometido a convencións artificiosas, porén necesarias, vira as súas eperanzas bulradas, a súa mocidade pasar sen pracer -e ao cabo a vellez chegálle sen submetela. Vivía nun pazo perto dunha das nosas terras, descontenta e retirada, sen máis recurso ca o seu enxeño, e analisando todo co seu talento. Durante perto dun ano, nas nosas inesgotábeis conversas, enxergamos a vida en todas as súas facianas, e a morte como remate de todo -e após termos falado tanto da morte, eu vira a morte ferila ante os meus ollos.

Ese acontecemento enchérame dun sentimento de incertidume encol do destino, e dunha neboenta fantasía que non me abandonaba. Prefería ler nos poetas aquilo que relembra a brevidade da vida humana. Parecíame que ningún fin paga a pena de ningún esforzo. Resulta abondo singular que esa impresión se debilitase precisamente a medida que se foron acumulando os anos sobre min. Será porque hai algo de dubidoso na esperanza e que, cando ela se retira da andaina do home, esa andaina cobra un carácter máis severo, só que máis positivo ?. Será que a vida semella tanto máis real ao desapareceren todas as ilusións, tal como

o cumio dos rochedos se deseña millor no horizonte cando se esvaen as nubes?.

Deixei Göttingen e funme á pequena vila de D\*\*\*. Esa vila era a residencia dun príncipe que, como a maioría dos de Alemania, gobernaba plácidamente un país de pouca extensión, protexía os homes ilustrados que viñan residir ali, deixaba unha liberdade perfecta a todas as opinións, mais que, limitado polos antigos costumes ao trato cos seus cortesanos, só reunía arredor del homes insignificantes ou mediocres os máis deles. Eu fun acollido nesa corte coa curiosidade que inspira todo forasteiro que ven romper o círculo da monotonía e da etiqueta. Durante algúns meses non reparei en nada que puidese cautivar a miña atención. Estaba recoñecido pola amabilidade que me demostraban. Mais ás veces a miña timidez impedíame disfrutar dela, outras a fatiga dunha axitación sen sentido facíame preferir a soedade aos praceres insípidos que se me convidaba a compartir. Non sentía odio contra ninguén, mais poucas persoas me inspiraban interese. Ora, os homes oféndense coa indiferencia, que atribuen á malevolencia ou á afectación -non queren crer que ún cansa deles naturalmente. Ás veces porcuraba dominar o meu fastío, refuxiábame nunha soturnidade profunda: interpretabase esa soturnidade como desdén. Outras veces, canso eu mesmo do meu silencio, deixábame levar a algunhas brincadeiras, e a miña imaxinación, posta en movemento, arrastábame alén de toda medida. Revelaba nun só día todas as ridiculeces que observara durante un mes. Os confidentes dos meus súpetos e involuntarios desafogos non mo agradecían en absoluto, e tiñan razón -porque era a necesidade de falar o que me movía, e non a confianza. Nas conversas coa primeira muller que desenvolvera as miñas ideas, eu contraíra unha insuperábel aversión por todas as máximas comuns e por todas as fórmulas dogmáticas. Daquela, cando escoitaba á mediocridade disertar con compracencia sobre principios ben estabrecidos, ben indiscutíbeis

en materia de moral, de convencións ou de relixión, cousas que ela pon de boa gana no mesmo nivel, eu sentiame empurrado a contradicila, non porque tivese adoptado opinións opostas, senón porque me sentía incomodado por unha convición tan firme e rexa. Polo demáis, non sei qué instinto me avisaba para desconfiar deses axiomas xerais tan exentos de toda restrición, tan carentes de calquer matiz. Os parvos fan da súa moral unha masa compacta e indivisíbel, para que se meta o menos posíbel coas súas accións e as deixe ceibas en todos os detalles.

Por mor desa conduta,...